

**“TODOS ELES SENTIRON MOITO AQUELO. DÍA
TRAS DÍA OLLABAN PRÁ GALLA DA
FIGUEIRA, COMA SE EL INDA ESTIVESE ALÍ.
QUERÍANLLE DE CERTO. LEMBRARON PRA
SEMPRE Ó ESPANTALLO AMIGO”**

**XOSÉ NEIRA VILAS.
ESPANTALLO AMIGO.**

Benqueridas familias, nenas e nenos:

As temperaturas baixan un ano máis e achéganse meses de inverno, meses de frío se cadra, meses de lume, de lareira e de quentura familiar.

Este curso mergullámonos na Arte, na ARTE con maiúsculas, arte na mirada, no saúdo, na pintura, na música, na dramatización, na danza, na expresión corporal, e como non, na palabra, na literatura en xeral e na poesía en particular, todas elas manifestacións forxadoras de sensibilidades.

Todos os cursos son especiais, pero éste un pouquiño máis se cabe, xa que a biblioteca das “Amigas e amigos de Daniel” abriu as súas portas os martes para acollervos e compartir con vós o pracer da lectura.

Tamén os nosos queridos nenos e nenas puxeron moito da súa parte! Gran esforzo supuxo a elaboración dos “marcadores” nas escolas e pouco a pouco van dándose conta do seu valor, xa que o seu uso axeitado contribúe a manter os libros ordenados no andel correspondente e a crear un espazo no que apetece estar.

Alá por outubro, Daniel invitounos a ir á primeira sesión de biblioteca e as crianzas que comezaron este curso tiveron a oportunidade de coñecelo.

**Por tantos momentos bos que nos
dechese nas aulas, gracias Espantallo
amigo.**

Boa viaxe Xosé!

Alí, Tobías contounos “As doncelas do millo”, unha lenda mexicana a través da cal nos achegamos a antigos mitos indíxenas relacionados coa cultura do millo, da alimentación e da natureza.

E ademais, tivemos a sorte de contar coa inestimable presenza dalgunhas familias que, con todo o cariño e tenrura, viñestes poñer o voso gran de millo a esta historia, xuntando as culturas mexicana e galega por uns intres. Incluso fixestes un pequeno horto na biblioteca, amosándonos os distintos tipos de millo, a forma de sementalo e o tempo que tardaba en agromar.

Tamén Rubén, coa axuda de Migallas na Aula de Música, contribuíu a facernos ver cantos traballos hai que pasar...se pan de millo vas merendar.

E xa para finalizar, eiquí vos deixamos unhas recomendacións de libros cos nosos mellores desexos. Desexos de boas lecturas, desexos de gozar coa música, a pintura e o teatro. Pero sobre todo, desexos para que a arte forme parte das nosas vidas e nos axude a ser máis felices e a sentirmos mellores persoas.

Bo Nadal!

O equipo de Biblioteca do
C.R.A. de Rianxo.

RECOMENDACIÓNS PARA EDUCACIÓN INFANTIL 3, 4 E 5 ANOS.



**O COELLIÑO
BRANCO.**
Xosé Ballesteros.
Kalandraka.




**LAS LETRAS EN
EL ARTE.**
Anne Guery.
SM.



**IMOS CAZAR UN
OSO.**
Michael Rosen.
Kalandraka.



**PAXARIÑA DE
PAPEL.**
Antonio Rubio.
Kalandraka.



FREDERICK.
Leo Lionni.
Kalandraka.



**UN GRAN
SOÑO.**
Felipe Ugalde.
Kalandraka.



**O SEGREDO DE
FLORA.**
Paloma
Rodríguez.
Embora.



COLORES.
Hervé Tullet.
Kókinos.

RECOMENDACIÓN PARA EDUCACIÓN PRIMARIA 6, 7 E 8 ANOS.



**44 POEMAS PARA
LEER CON NIÑOS.**
Selección de Mar
Benegas.
Utrera.



**O BIGOTE DE
MIMÍ.**
Manuel María.
Fundación Manuel
María.




**O XARDÍN DE
IRENE.**
Xosé Neira Vilas.
Embora.



FAFARRAIOS.
Gloria Sánchez.
Xerais.



**COLECCIÓN "MIRA
QUE ARTISTA!"**
Patricia Geis.
Combel.



**CUADROS DE UNA
EXPOSICIÓN**
(Libro CD).
Modest Mussorgsky.
Kalandraka.




OSÍÑO
Else Holmelund
Minarik.
Kalandraka.




PAN DE MILLO
(Libro CD).
Migallas.
Kalandraka.


**POLO GRAN VALOR QUE
TIVO O ESPANTALLO
NAS NOSAS AULAS E EN
RECORDO DO CREADOR
DE BALBINO,
RECOMENDAMOS PARA
NENOS E MAIORES...**



ESPANTALLO
AMIGO.
Xosé Neira
Vilas.
Galaxia.



MEMORIAS
DUN NENO
LABREGO.
Xosé Neira
Vilas.
Galaxia.



**OS EIDOS. O
LIBRO DO
COUREL.
Uxío Novoneyra.
Xerais.**



LA LLUVIA
AMARILLA.
Julio Llamazares.
Seix Barral.



**OS LONXES DO
SOLPOR.**
Manuel María.
Fundación Manuel
María.



MONSTRUO DE
OJOS VERDES.
Joyce Carol Oates.
SM.



**MÚDANSE
OS
VENTOS.
Barahúnda**



CASTELAO
PINTOR.
Varios.
Galaxia.



**BALADAS DA
GALIZA
IMAXINARIA.
Uxía e Narf.**



CLUB DAS
AMIGAS E
AMIGOS DE
DANIEL.

EQUIPO DE
BIBLIOTECA DO
C.R.A. DE
RIANXO.
DECEMBRO 2015.

